Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

# NOTA DE PRENSA

## O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia (COBGA) rexeita a distribución das prazas de Formación Sanitaria Especializada (FSE) de laboratorio en Galicia.

**As prazas de laboratorio destinadas a Bioloxía redúcense un 25 %, mentres as de Farmacia aumentan e representan xa casi o 50 % da oferta.**

Santiago de Compostela, 13 de agosto de 2026.– O COBGA trasladou ao Conselleiro de Sanidade o seu rexeitamento á distribución en Galicia das prazas de Formación Sanitaria Especializada (FSE) nas especialidades multidisciplinares de laboratorio para a convocatoria 2026–2027.

As prazas destinadas a Bioloxía redúcense de catro a tres, unha baixada do 25 %, mentres que as de Farmacia aumentan a sete, casi un 17 % máis. Así, Farmacia concentra casi o 50% das prazas de laboratorio en Galicia, fronte ao 20 % correspondente a Bioloxía.

Esta situación xa fora abordada coa Consellería en nas reunións celebradas no presente ano e motivou a presentación, en xaneiro, dun escrito técnico no que se solicitaba incrementar a presenza de Bioloxía para compensar o desequilibrio acumulado. Nese momento advertíase de que, nos cinco anos anteriores, Farmacia concentrara aproximadamente o 40 % das prazas de laboratorio convocadas en Galicia, fronte a arredor dun 27 % para Bioloxía. Se temos en conta a actual convocartoria a situación agrávese (50% e 20% respectivamente). A cuestión volveu a tratarse en xullo, cando o Colexio percibiu unha boa disposición por parte da Consellería, polo que a distribución finalmente enviada ao Ministerio resulta especialmente sorprendente.

A análise histórica realizada polo COBGA indica que a redución das prazas de laboratorio destinadas a Medicina, debido á falta destes profesionais noutras especialidades, non se traduciu nunha redistribución proporcional entre as restantes titulacións, senón principalmente nun incremento das prazas asignadas a Farmacia. O Colexio reclama que se expliquen os criterios técnicos empregados e que nas próximas convocatorias se adopten medidas efectivas para compensar o desequilibrio acumulado en prexuízo de Bioloxía.

O COBGA lembra igualmente que Farmacia dispón de especialidades propias dentro do sistema FSE, mentres que Bioloxía non conta con ningunha especialidade exclusiva, polo que as especialidades multidisciplinares de laboratorio constitúen a súa única vía de acceso á especialización sanitaria.

**Colexio Oficial de Biólogos de Galicia – COBGA**
**Contacto: Pablo Fernandes-Xerente**
**Telf.: 981531440**